

**BASES**  
**XXIII CONCURSO DE POESÍA**  
**“CONCELLO DE CARRAL”**

**1.-** O Concello de Carral, coa colaboración da Consellería de Cultura e Turismo, convoca a 23ª edición do Concurso de Poesía Concello de Carral.

**2.-** Poderán optar ao premio todos os autores/as maiores de idade e de calquera nacionalidade, sempre que o seu traballo se presente escrito en lingua galega. Non poden participar gañadores e gañadoras deste concurso das últimas oito edicións.

**3.-** Fíxase un premio único de **2.500 euros**. O xurado pode declarar deserto o premio. Sobre a contía do premio aplicaranse as retencións fiscais oportunas.

**4.-** Os traballos, cunha extensión mínima de 500 versos, serán orixinais, inéditos e non premiados noutros concursos no momento das deliberacións do xurado. Os autores responsabilízanse de lle comunicar á organización, dun xeito inmediato, a concesión doutros premios acadados a partir da remisión dos orixinais.

Os traballos presentaranse por triplicado, mecanografados con dobre espazo por unha soa cara, debidamente grampados ou encadernados, e coas páxinas numeradas. Cada copia dos traballos presentarase cunha portada na que figuren o título da obra e o lema ou alcume do autor/a, coincidindo no exterior co sobre pechado que debe acompañar á obra, e que conterá no interior o nome e apelidos do autor/a, DNI, enderezo, número de teléfono, correo electrónico e un breve currículo que incida na súa traxectoria literaria se a houbese.

**5.-** As obras presentaranse na Casa da Cultura, Rúa de Paleo, 17, 15175 Carral, A Coruña. Tel. 981 672 580.

**6.-** O prazo de admisión de orixinais estará aberto ata o **3 de abril de 2020**.

**7.-** As deliberacións do xurado son secretas, e delas estenderase a acta correspondente. A decisión do xurado farase pública na primeira quincena do mes de maio e o acto de entrega do premio terá lugar o 29 de maio de 2020 no que é obrigatoria a presenza do gañador ou gañadora do premio.

**8.-** O xurado estará presidido polo alcalde do Concello de Carral ou concelleiro ou concelleira na que delegue, e formarán parte del dúas persoas de recoñecido prestixio no eido da poesía galega e o autor gañador da edición anterior deste concurso. Actuará como secretario o técnico municipal de Cultura do Concello de Carral. O xurado será nomeado polo alcalde e darase a coñecer antes de realizar as deliberacións.

**9.-** O título do traballo gañador e o nome e apelidos do seu autor/a daranse a coñecer mediante unha comunicación persoal (chamada telefónica) ao autor/a premiado/a, na web municipal [www.carral.es](http://www.carral.es), así como no taboleiro de anuncios da Casa da Cultura do Concello de Carral (Rúa de Paleo 17, Carral).

**10.-** Establécese un período de dez (10) días desde a decisión do xurado para presentar alegacións á citada decisión. As reclamacións, que se tramitarán ante o Rexistro municipal de Carral, serán valoradas e contestadas polo xurado.

**11.-** O Concello de Carral reservarase o dereito de publicar a obra gañadora e os dereitos de autor da primeira edición.

**12.-** As obras non premiadas poderán ser retiradas polos seus autores ou polas persoas nas que deleguen, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte á resolución do xurado. Non se devolverán traballos por correo nin por empresas de mensaxes. As obras que non sexan retiradas no prazo indicado destruíranse.

**13.-** Correspóndelle ao xurado a interpretación das presentes bases.

**14.-** A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

**15.-** Toda a información relativa ao concurso publicarase na web municipal [www.carral.es](http://www.carral.es).

